

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 8 DE XANEIRO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas así como das acollidas a programas de acceso a vivenda con axudas públicas

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a execución da intersección E.PO 9701 Baión-András coa PO-301 en Vilanova de Arousa, por un importe de douscentos quince mil trescentos corenta e dous euros con corenta céntimos (215.342,40 €)

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Mondariz, para a mellora da rede de augas pluviais nas estradas PO-262, PO-254 e PO-252, no núcleo urbano de Mondariz, por un importe de seiscentos vinte e cinco mil cincocentos sesenta e nove euros (625.569 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Outes para a execución das obras de saneamento e abastecemento de auga potable na rúa Poeta Añón (Outes), por un importe de douscentos mil euros (200.000 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Cartelle, para a execución das obras de ampliación da rede de abastecemento de auga no núcleo de Espiñoso, por un importe de noventa mil euros (90.000 €)

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación Frisona Galega (Fefriga) e as asociacións provinciais de control leiteiro (Africor) da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra para a realización de probas para determinar a calidade xenética do gando vacún leiteiro no desenvolvemento do programa galego de selección e mellora da raza frisoa, por un importe de setecentos mil euros (700.000 €)

### INFORMES

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o Plan de Ordenación do Litoral

## A XUNTA REGULA OS MEDIOS ELECTRÓNICOS, INFORMÁTICOS E TELEMÁTICOS NOS PROCESOS DE CONTRATACIÓN PARA MELLORAR A EFICACIA E EFICIENCIA E REDUCIR OS PRAZOS DE XESTIÓN

- *Un novo rexistro garantirá a partir de febreiro o pagamento das facturas en 45 días*
- *Este sistema de facturación electrónica permitirá simplificar os trámites, aforrar custos e reducir os tempos tanto de xestión como de cobramento dos provedores*
- *Na contratación poderanse presentar ofertas vía telemática nun proceso que vai desde a publicación do anuncio ata a sinatura do contrato*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto que regula o uso dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procesos de contratación co fin de mellorar a eficacia e eficiencia e reducir os tempos tanto de xestión como de cobramento dos provedores.

En concreto regula a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, o sistema de licitación electrónica, os sistemas de tramitación e xestión electrónica relacionados coa contratación pública e o portal de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta iniciativa enmárcase no proceso de modernización da Administración pública impulsada por este goberno.

Os órganos de contratación adoptarán as medidas necesarias para que se incorporen de forma paulatina os medios e procesos regulados que permitan a tramitación integramente electrónica dos procedementos de contratación e a utilización de soportes electrónicos nos actos dos órganos administrativos, dos licitadores e dos contratistas, para substituír progresivamente o papel como soporte.

Con tal fin impulsarase progresivamente o uso, por parte dos empregados públicos, da sinatura e da notificación electrónicas, incorporándoas aos trámites e procedementos para mellorar a eficacia e eficiencia dos procesos e reducir os prazos de xestión.

Velarase por preservar a dispoñibilidade, a confidencialidade e a integridade dos datos tratados, así como por garantir a súa protección integral e conservación nos formatos utilizados ou noutro calquera que asegure a identidade e integridade da información necesaria para reproducilos.

A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia permitirá, a través da internet, informar sobre as licitacións sometidas á Lei 30/2007, de contratos do sector público, e servir de soporte á información xeral relativa ao contacto coas entidades e cos órganos de

contratación dados de alta no sistema. Estará interconectada coa Plataforma de Contratación do Estado na forma en que se determine mediante convenio.

A través do sistema de licitación electrónica da Xunta poderán utilizarse medios e soportes electrónicos, informáticos e telemáticos en todas as actuacións e trámites do procedemento de adxudicación dos contratos ata o momento da súa formalización.

A Xunta, a través do portal de contratación pública, facilitaralles aos interesados os documentos, programas e canta información sexa necesaria para participar nas licitacións dos contratos públicos por medios electrónicos, informáticos e telemáticos. Os licitadores deberán estar inscritos e con certificación vixente no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia.

O sistema de presentación electrónica posibilitará a presentación de ofertas vía telemática nun proceso que vai desde a publicación do anuncio na Plataforma de Contratos de Galicia ata a sinatura do contrato.

#### **Pagamento en 45 días aos provedores**

O Goberno galego implementará un sistema de tramitación de facturas que estará operativo entre finais de febrero e principios de marzo e que permitirá pagarlles en 45 días aos provedores, 15 menos que a exixencia legal, algo que se garantirá coa creación dun rexistro.

Na actualidade é practicamente imposible saber o tempo que transcorre desde que se recibe unha factura ata o momento efectivo do seu pagamento. O primeiro paso para reverter a situación é poder controlar o momento en que entran as facturas na Xunta, para o cal se creará un rexistro que permitirá, ademais, mellorar as necesidades de tesouraría e planificar os pagamentos da Administración autonómica.

Este rexistro facilitará centralizar de maneira uniforme todas as facturas –tanto as manuais como as de formato dixital- emitidas polos distintos provedores, co cal se acadará unha xestión máis rápida e eficiente. A este rexistro accederase a través dun novo portal electrónico en que se poderá realizar tanto a incorporación das facturas ao sistema como a consulta do seu estado de tramitación. Ademais, haberá solucións de sinatura electrónica para garantir a identidade dos usuarios e a integridade da información rexistrada.

O proceso de facturación na actualidade está sustentado basicamente en papel, polo que se destaca que a factura electrónica permite prescindir deste soporte, favorece a

---

incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación e conta con solucións seguras que permiten a optimización, a eficiencia e o aforro de custos.

Todas estas medidas permitirán non só cumprir os prazos que a normativa impón á Administración, senón ir máis aló, optimizando os procedementos administrativos. Así, acadarase un mellor e máis áxil servizo ao cidadán a un menor custo, obtendo un aforro económico importante.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O REXISTRO ÚNICO DE DEMANDANTES DE VIVENDA

- *Con este novo texto axilzanse os trámites e facilítase o acceso á vivenda protexida, polo que en 18 meses os beneficiarios culminarán os trámites para obter unha vivenda protexida*
- *No novo rexistro será preciso acreditar o cumprimento dos requisitos para o acceso á vivenda protexida antes da inscrición, mentres que no antigo bastaba só con presentar o DNI (documento nacional de identidade)*
- *Os prazos de adxudicación de vivendas, que co sistema anterior se alongaban varios anos, reduciranse a poucos meses*
- *Os inscritos no anterior rexistro terán un prazo de catro meses para adecuar a súa inscrición ao novo, acreditando que cumpren os requisitos para acceder a vivendas protexidas*

O decreto polo que se modifica o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia, ten como obxectivo eliminar as distorsións que ata o de agora se producían nel -con enormes atrasos, ata de anos-, na adxudicación de vivendas, repeticións de sorteos para unha mesma vivenda e creación de falsas expectativas aos inscritos, que en moitas ocasións vían como se lles adxudicaban vivendas ás que despois non podían acceder por carecer de ingresos suficientes para pagalas.

En cada sorteo realizado polo de agora pódese comprobar como a porcentaxe de seleccionados que non cumpren os requisitos ou renuncian á adxudicación é elevadísima, poden superar o 50 por cento no caso da promoción pública e chegan a superar o 80 por cento no caso das vivendas de promoción privada.

Entre as causas das renuncias atópanse factores como que as vivendas adxudicadas se emprazasen en zonas ou barrios afastados dos lugares de orixe ou traballo dos adxudicatarios, que levaban a moitos deles a renunciar á adxudicación. Co novo rexistro, os sorteos realizaranse unicamente entre os inscritos no rexistro que manifestasen o seu desexo de acceder ás vivendas de cada promoción, polo que as renuncias por esta causa desaparecerán.

Polo que respecta aos prazos de adxudicación dunha promoción completa, reduciranse de forma moi notable, xa que todos os que entren no sorteo terán acreditado por adiantado que cumpren os requisitos, non como sucedía co sistema anterior, en que a documentación que o acreditaba se entregaba e comprobaba despois do sorteo. A redución de renuncias por parte de adxudicatarios aos cales non lles interesan as vivendas sorteadas tamén permitirá reducir os prazos. A modo de

---

resumo, os trámites para obter unha vivenda pasarán dunha media de 18 meses aos 6 meses como máximo que presenta o novo rexistro.

### **Tres seccións**

O novo rexistro de demandantes de vivenda contará con tres seccións diferenciadas e a posibilidade de creación doutras novas se for preciso: demandantes de vivendas de promoción pública, demandantes de vivendas de promoción pública de núcleos rurais e núcleos históricos e demandantes de vivendas de promoción privada. No primeiro caso, o límite máximo de ingresos é de 2,5 veces o IPREM, no segundo 3,5 veces o IPREM e no terceiro 6,5 veces o IPREM.

Cada demandante inscribírase na sección correspondente ao tipo de vivenda que desexa e para o cal cumpre os requisitos, podendo tamén anotarse nunha ou dúas máis. Da mesma maneira, cada demandante inscribírase nun concello determinado e poderá tamén facelo noutros dous lindeiros.

É importante distinguir entre inscrición e anotación nas distintas seccións do rexistro. A inscrición nunha única sección e nun concello como prioritario permitirá dispoñer de información real da demanda de vivenda de cada tipo e en cada concello de Galicia, algo que agora non sucede xa que o mesmo demandante pode estar inscrito en varios concellos e a inscrición non determina o tipo de vivenda do interese de cada inscrito.

A anotación nunha segunda ou terceira sección permitirá acceder a unha vivenda incluída nestas, sempre que se cumpran os requisitos e os inscritos nelas non cheguen para cubrir a oferta, pero non contarán para os efectos estatísticos, evitando inflar artificialmente os datos de demanda, como sucede na actualidade.

### **Promoción privada**

As principais novidades do novo funcionamento do rexistro de demandantes afectan as vivendas de promoción privada.

A selección de adxudicatarios comezará por solicitude do promotor das vivendas, sempre despois de obter a cualificación provisional e a licenza municipal, e será anunciada no taboleiro de anuncios do concello, da área provincial do IGVS, na páxina web do IGVS e nun dos xornais de maior tirada na localidade onde se emprazan as vivendas.

Tamén poderá comunicarse individualmente a todos os inscritos no rexistro que cumpran os requisitos, sempre por petición do promotor e pola súa conta.



Unha vez anunciado o inicio da selección, os inscritos no rexistro de demandantes que cumpran os requisitos terán un prazo de 15 días para solicitar a súa inclusión no sorteo das ditas vivendas.

Rematado o prazo de inclusión no sorteo, publicarase a lista de admitidos ao sorteo, abríndose un prazo de sete días para reclamacións.

Unha vez resoltas as reclamacións, aprobarase a lista definitiva de admitidos a sorteo e procederase ao sorteo ante notario, outorgándolles un número de orde aos que queden como reservas para o caso de renuncia polos adxudicatarios. Se o número de demandantes é inferior ao de vivendas, poderanse adxudicar directamente.

A continuación publicarase na web do IGVS a lista definitiva, indicando os trámites que hai que seguir, e remitirase á empresa promotora para que informe os demandantes dos pasos a seguir na tramitación dos contratos.

### **Promoción pública**

As modificacións do decreto respecto da adxudicación de vivendas de promoción pública son mínimas, xa que o rexistro anterior respondía aos criterios de adxudicación que xa se aplicaban antes da súa creación.

O procedemento para adxudicación de vivendas de promoción pública iniciarao a Comisión Provincial de Vivenda, publicarase nos taboleiros de anuncios do concello en que se atopan as vivendas, na área provincial do IGVS e na web do IGVS, indicando o número de vivendas, localización, a súa superficie aproximada, réxime de adxudicación, condicións económicas, reservas, data do sorteo, etc.

O sorteo realizarase, na data indicada, entre os inscritos no rexistro na data da resolución de inicio da Comisión Provincial de Vivenda que cumpran os requisitos establecidos. Realizado o sorteo, publicarase a lista provisional de adxudicatarios e outra de espera.

Verificado o cumprimento dos requisitos, aprobarase e publicarase a lista definitiva de adxudicatarios e de espera.

### **Período transitorio**

Os actualmente inscritos no rexistro de demandantes, e quen tiver solicitada a inscrición, disporán dun prazo de catro meses para adecuar a súa inscrición ou causarán baixa en caso de non facelo. Deberán presentar a documentación acreditativa de que cumpren os requisitos para o acceso a vivendas protexidas, xa que no anterior rexistro non era preciso máis que o DNI para inscribirse. Este período



---

transitorio de catro meses comezará a contar despois da publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia e unha vez que este entre en vigor.

## APROBADO O DECRETO QUE REGULA OS ÓRGANOS COMPETENTES E O PROCEDIMENTO SANCIONADOR EN MATERIA DO MEDIO RURAL

- *Esta norma recolle cuestións relativas á imposición de sancións nos ámbitos da agricultura, gandería e conservación da natureza*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería do Medio Rural polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materia do medio rural, logo de ditame favorable do Consello Consultivo.

O obxecto desta norma é regular os órganos sancionadores en materia de viños; sanidade e produción animal; medicamentos veterinarios; sanidade e produción vexetal e conservación da natureza.

En todos os casos se establece que o órgano competente para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves será o titular do respectivo Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural; no caso das infraccións graves a competencia corresponderá ao titular da dirección xeral en cuestión e para as infraccións moi graves será o propio titular da consellería.

### **Procedemento sancionador**

No decreto aprobado hoxe polo Consello determínase tamén que os procedementos sancionadores en materia do medio rural, xa sexan por infraccións leves, graves ou moi graves, se tramitarán seguindo o procedemento establecido pola normativa vixente no ámbito estatal, sen prexuízo do cumprimento das peculiaridades procedementais reguladas por cada norma sancionadora específica.

## O GOBERNO GALEGO FINANCIA AS OBRAS DE MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA INTERSECCIÓN DAS ESTRADAS BAIÓN-ANDRÁS E PONTE ARNELAS-VILAGARCÍA DE AROUSA

- *O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entra a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial de Pontevedra*
- *Cómpre sinalar que esta actuación forma parte das accións para acadar o obxectivo de ordenación do territorio, para o cal é necesario ter unha eficaz e segura rede de infraestruturas de comunicación*

A Xunta de Galicia asumirá o 100 por cento dos custos derivados da execución dunha obra de mellora da seguridade viaria na intersección das estradas Baión-András, titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, e Ponte Arnelas-Vilagarcía de Arousa (PO-301), cuxa titularidade é da Xunta de Galicia, en Vilanova de Arousa. En total a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achega un orzamento de 236.876 euros para acometer esta actuación.

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial de Pontevedra. Esta actuación consiste nunha mellora de seguridade viaria, polo que se procederá á explanación da superficie necesaria, a afirmar as zonas de estrada afectadas, á demolición de muros, traslado de peches dos predios e a correspondente iluminación.

Cómpre sinalar que a estrada PO-301 pertence á rede primaria complementaria de estradas da Xunta de Galicia e xustamente neste punto é necesario mellorar a seguridade viaria. Por ese motivo, a Deputación Provincial redactou un proxecto denominado intersección E.P. 9701 Baión-András con PO-301.

Por outro lado, o departamento que dirixe Agustín Hernández ten entre os seus obxectivos fundamentais a ordenación do territorio, para o cal é necesario ter unha eficaz e segura rede de infraestruturas de comunicación.

En definitiva, coa materialización desta rotonda resólvese a intersección da estrada Vilanova-Baión (pertencente á deputación) coa vía Ponte Arnelas-Vilagarcía, pertencente á rede de estradas da Xunta de Galicia.

Nese contexto, a Xunta de Galicia –neste caso, en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra- trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan

problemas no seu desenvolvemento , achegando unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.

**Obrigas administrativas**

Coa sinatura do convenio de colaboración, cada unha das administracións asinantes asumen unha serie de obrigas. Así, a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a poñer á disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado para a execución das obras.

Pola súa banda, o departamento responsable das infraestruturas de Galicia terá que dar o seu aprobado ao proxecto técnico, levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras, así como asumir a súa explotación, o mantemento e a conservación destas.

Por último, no convenio tamén se establece unha comisión de seguimento que estará formada por un representante da Consellería de Medio Ambiente e outro da Deputación Provincial, cuxa principal función é impulsar e avaliar o cumprimento dos aspectos técnicos definidos no convenio.

## A XUNTA MELLORARÁ A REDE DE AUGAS PLUVIAIS DE VARIAS ZONAS DO NÚCLEO URBANO DE MONDARIZ

- *O importe deste traballos elévase a máis de 650.000 euros, que serán entregados ao 100 por cento polo Goberno galego*
- *O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entra a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Mondariz*

A Xunta de Galicia mellorará a rede de augas pluviais das estradas Mondariz-Vilasobroso (PO-262), Mondariz-Ponteareas (PO-254) e Mondariz-Moscoso (PO-252), no núcleo urbano de Mondariz. O importe para a materialización destes traballos ascende a un total de 652.569 euros, que serán aboados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en dúas anualidades de igual orzamento.

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Mondariz.

Na actualidade, estas vías carecen dunha recollida específica de augas pluviais ou ben resulta insuficiente e, en consecuencia, prodúcense desbordamentos ao entrar a auga nos colectores xerais existentes. Cómpre sinalar que con esta actuación se evitan as verteduras contaminantes ao río Tea e se optimiza o funcionamento da EDAR que da servizo aos concellos de Mondariz e Mondariz-Balneario, ao diminuír o caudal de auga limpa que se incorpora á rede de colectores.

Esta actuación consiste en definir os elementos necesarios para a adecuada evacuación das augas pluviais destas tres vías, proxectando a instalación dunha nova rede de recollida de augas pluviais, en función das necesidades da zona e aproveitando na medida do posible os sumidoiros e canalizacións existentes.

Un dos obxectivos da Consellería de Medio Ambiente é traballar na mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcionen aos usuarios da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Neste contexto, a Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Mondariz, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.

**Proxecto técnico**

A nova rede de recollida de augas pluviais foi proxectada tendo en conta as necesidades da zona e aproveitando na medida do posible os sumidoiros e canalizacións existentes. Así, a rede de colectores estará formada por 5 ramais de PVC (400, 500, 630, e HA 800). En total empregaranse máis de 1.500 metros de tubos e escavaranse 5.400 metros cadrados, xa que será preciso.

**Obrigas**

Por unha parte, a Xunta comprométese ao financiamento das obras e á súa inspección tanto durante a execución como ao seu remate. Pola súa banda, o Concello de Mondariz debe constatar a dispoñibilidade dos terreos necesarios, executar as obras segundo o convenio, xestionar permisos e autorizacións ou remitir os avances realizados no proxecto.

Cómpre sinalar que se constituirá unha comisión de seguimento formada por un representante da consellería e outro do municipio pontevedrés. As súas funcións, entre outras, serán impulsar e avaliar o cumprimento do convenio.

## MEDIO AMBIENTE DESTINA 200.000 EUROS Á EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA POETA AÑÓN, EN OUTES

- *O proxecto comprende a mellora da rede de abastecemento e saneamento, a través da instalación de tubaxes e a construción de pozos e sumidoiros*
- *A Administración hidráulica de Galicia financia o 100% das actuacións*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Outes para a execución das obras de saneamento e abastecemento na rúa Poeta Añón. O importe total desta actuación ascende a 200.000 euros, divididos en dúas anualidades, polo que neste ano se investirán 100.000 euros e o 50 por cento restante asumirase no vindeiro exercicio. Esta actuación está prevista no Plan Hidrolóxico de Galicia, promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Cómpre salientar que este tipo de colaboración técnico-financiera do Goberno galego con entidades locais en materia de obras hidráulicas-sanitarias correspóndelle á administración hidráulica de Galicia. Esta entidade, dependente do departamento que dirixe Agustín Hernández, financiará o 100% das accións, que na maioría dos casos o seu obxectivo é sufragar e compensar a escasa capacidade financeira dos concellos.

### **Características técnicas**

As actuacións neste municipio coruñés centranse fundamentalmente na ampliación das redes de abastecemento e saneamento locais. Así, levarase a cabo a proxección de 1.561 metros de conducións de polietileno de diámetros comprendidos entre os 110 e os 160 mm, que discorrerán paralelos en ambas as marxes da rúa.

Proxectándose, ademais, en materia de saneamento, 1.361 m de colectores para recollida de pluviais e residuais, con liñas independentes e paralelas en ambas as marxes da rúa, que contarán con diámetros de 315 e 160 mm. A finalidade deste mecanismo do sistema de saneamento é recoller as augas pluviais. Ademais, inclúese no proxecto a construción de pozos de rexistro e sumidoiros.

Esta actuación afecta un dos servizos mínimos municipais, polo que estas carencias deben ser resoltas ante as necesidades dos veciños e na mellora da calidade do concello de Outes, que neste momento presentan un déficit de infraestruturas.

As actuacións que se levarán a cabo no Concello de Outes benefician unha poboación que ascende a máis de 7.500 habitantes de todo o municipio.



---

## MEDIO AMBIENTE AMPLÍA A REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DO NÚCLEO DE ESPIÑOSO, EN CARTELLE, POR UN VALOR DE 90.000 EUROS

- *As obras centraranse na instalación de conducións, válvulas de comporta ou pozos de rexistro*
- *O obxectivo fundamental é a extensión da rede de abastecemento ás zonas baixas de Espiñoso*
- *Estas actuacións garanten o consumo de auga da poboación, mellorando a súa calidade de vida*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cartelle para a execución das obras de ampliación da rede de abastecemento de auga no núcleo de Espiñoso.

A Xunta de Galicia financia esta actuación cunha achega económica de 90.000 euros, distribuídos entre 2010 e 2011, correspondéndolle a cantidade de 45.000 euros a cada anualidade.

Este proxecto ten como obxectivo fundamental mellorar a rede de abastecemento de Espiñoso, acometendo a súa ampliación co fin de que garanta o consumo actual de auga potable á poboación.

As obras centraranse na extensión da rede de abastecemento ás zonas baixas do núcleo de Espiñoso, a través da instalación de 3.391 metros de conducións de polietileno. Ademais, colocaranse válvulas de comporta e ventosas para as cales se habilitarán pozos de rexistro. Estes accesorios permitirán un correcto funcionamento da instalación.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante estes traballos, tenta resolver os déficits que o núcleo ourensán presenta en materia de infraestruturas hidráulicas. Así, estas obras significarán unha mellora relevante na calidade de vida dos habitantes da poboación afectada.

### **Responsabilidades administrativas**

Por unha parte, Augas de Galicia comprométese ao financiamento das obras, así como á súa inspección, unha vez rematadas. Por outra parte, o Concello de Cartelle debe redactar o proxecto técnico, xestionar os permisos precisos, executar as actuacións ou remitir informes dos avances realizados nas obras.

## MEDIO RURAL, A FEDERACIÓN FRISONA E AS ASOCIACIÓNS DE CONTROL LEITEIRO COLABORARÁN NA MELLORA XENÉTICA DA FRISOA GALEGA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio a tres bandas para desenvolver e financiar estas actividades, dotado con 700.000 euros*
- *O acordo parte do feito de que a produción leiteira galega está baseada na explotación de femias da raza bovina frisoa, e de que todos os criadores desta raza en Galicia son socios da Federación Frisona Galega (Fefriga)*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación Frisona Galega (Fefriga) e as asociacións provinciais de control leiteiro (Africor) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, coa fin de realizar probas para determinar a calidade xenética do gando vacún leiteiro, no desenvolvemento do Programa galego de selección e mellora da raza frisoa. O investimento total desta acción é de 700.000 euros.

O obxectivo deste convenio é regular as condicións de cooperación entre Medio Rural, Fefriga e as asociacións de control leiteiro na tarefa de determinar e mellorar a calidade xenética do gando vacún frisón de Galicia, tendo en conta que a produción láctea galega está baseada na explotación de femias da raza bovina frisoa e que todos os criadores desta raza na nosa comunidade autónoma son socios de Fefriga e teñen os seus animais inscritos no libro xenealóxico que xestiona esta federación.

### **Produción gandeira**

No convenio lémbrese que a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, o fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de mellora xenética do gando.

Pola súa banda, a Federación Frisona Galega (Fefriga) ostenta a representación e defensa dos intereses dos gandeiros galegos, xestiona o libro xenealóxico da raza frisoa en Galicia e participa activamente no desenvolvemento do programa galego de transferencia embrionaria e na selección de femias de elite doadoras de embrións.

Por último, no que atinxe ás asociacións de control leiteiro (Africor), estas encárganse de planificar e desenvolver en exclusiva, cadansúa no seu ámbito provincial, as actuacións de control leiteiro oficial.

## O PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL TRIPLICA O ÁMBITO DE XESTIÓN DA LEI DOS 500 METROS E PROTEXERÁ UN 42% MÁIS DE TERRITORIO

- *O Consello da Xunta foi informado hoxe do documento previo á aprobación inicial, que será remitido aos concellos para abrir un período en que as corporacións poderán facer achegas ao documento*
- *O plan parte dunha análise exhaustiva e rigorosa do territorio co obxectivo de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral, baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade*
- *A Xunta salienta que, lonxe de ser un documento pechado, constitúe o primeiro paso dun proceso para a construción dun modelo territorial integrado do litoral de Galicia en que, en todo momento, se buscará a máxima transparencia e a xestión coordinada cos concellos*
- *A finalidade é lograr un documento de consenso político e unha garantía xurídica que estableza de xeito claro as regras de xogo na ordenación e a xestión do litoral da nosa comunidade*
- *O obxectivo da Xunta é aprobar definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral no mes de decembro deste mesmo ano*
- *Das 86.663 hectáreas que abarca a lei dos 500 metros, o 2,73% da superficie de Galicia, o POL estuda un territorio de algo máis de 376.000 hectáreas, centrándose a xestión do plan nun ámbito de aproximadamente 212.164 hectáreas, o 7,2% da superficie da comunidade, o que implica un incremento de 131.501 hectáreas*
- *En total, o número de concellos incluídos no Plan de Ordenación do Litoral ascende a 84, dos que 47 corresponden á provincia da Coruña, 10 á de Lugo, e 27 á de Pontevedra.*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas rematou a redacción do documento previo á aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral (POL), de cuxo contido foi informado hoxe o Consello da Xunta. O plan parte dunha análise exhaustiva e rigorosa do territorio co obxectivo de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral, baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade. Deste xeito, dáse continuidade á tramitación iniciada polo anterior Goberno, que en maio de 2007 publicou a Lei de medidas urxentes que establecía a suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos nos primeiros 500 metros do litoral para comezar o procedemento de elaboración do POL e en febreiro de 2009 presentou o documento de inicio.

O Goberno actual prorrogou a paralización das actuacións urbanísticas nos 500 metros e iniciou no mes de xullo un intensivo período de traballo cos concellos implicados no POL, que se prolongou ata o mes de novembro para, posteriormente,

proceder á redacción do documento previo á aprobación inicial, do cal se informou hoxe. A Xunta salienta que, lonxe de ser un documento pechado, constitúe o primeiro paso dun proceso para a construción dun modelo territorial integrado do litoral de Galicia en que, en todo momento, se buscará a máxima transparencia e a xestión coordinada cos concellos. A finalidade é lograr un documento de consenso político e unha garantía xurídica que estableza de xeito claro as regras de xogo na ordenación e a xestión do litoral da nosa comunidade

O POL, nesta fase inicial, será remitido en breve aos concellos e organismos oficiais para abrir un período en que as corporacións poderán facer achegas ao documento, para proceder posteriormente á aprobación inicial e abrir o período de información pública. O obxectivo da Xunta é aprobar definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral no mes de decembro deste mesmo ano.

Cabe salientar que Galicia afronta o reto da realización do POL sendo o único espazo costeiro do arco atlántico que aínda non conta cun instrumento de ordenación do litoral, xa que Asturias, Cantabria, País Vasco, Portugal, Francia e Reino Unido xa contan con documentos en vigor. Na España mediterránea, Cataluña e a rexión de Murcia tamén teñen plans de ordenación do litoral, e Andalucía atópase en fase de elaboración deste.

### Ámbito de aplicación

A delimitación do ámbito do POL fundamentouse en criterios físicos, optando, entre outras, por usar as bacías -vertentes como elemento de delimitación, xa que se trata de áreas identificadas no territorio polas que discorren os diferentes ríos e regatos que verten ou verteron directamente ao mar.

Deste xeito, das 86.663 hectáreas que abarcan os 500 metros que establecía a Lei 6/2007, de medidas urxentes, o que supón o 2,73% da superficie de Galicia, o POL estuda un territorio de algo máis de 376.000 hectáreas, centrándose a xestión do plan nun ámbito de aproximadamente 212.164 hectáreas, o 7,2% da superficie da comunidade, o que implica un incremento de 131.501 hectáreas, case o triplo da superficie de partida.


Ámbito de Xestión	ha	% Xestión	% Provincia	% Galicia
Pontevedra	55.843,70	26,3%	12,45%	1,9%
A Coruña	130.788,55	61,6%	16,50%	4,4%
Lugo	25.531,85	12,0%	2,59%	0,9%
<b>Total</b>	<b>212.164,10</b>	<b>100,0%</b>		<b>7,2%</b>

En total, o número de concellos incluídos no Plan de Ordenación do Litoral ascende a 84, dos que 47 corresponden á provincia da Coruña, 10 á de Lugo e 27 á de Pontevedra.

### **Protección da paisaxe**

O POL integra a paisaxe na ordenación territorial e urbanística, en aplicación da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, así como o Convenio europeo da paisaxe que entrou en vigor en marzo de 2004. Para o establecemento pormenorizado das determinacións do POL levouse a cabo a división da costa en tres niveis diferenciados: os grandes ámbitos de costa representativos, os sectores característicos dentro deses grandes ámbitos e a caracterización, definición e cartografía das diferentes unidades de paisaxe presente en cada un deses sectores.

Respecto ao primeiro nivel, diferéncianse 7 grandes costas, cuxos límites están marcados polos elementos singulares que caracterizan a súa paisaxe: Mariña lucense, Rías Altas, Golfo Ártabro, Arco Bergantiñán, Costa da Morte, Rías Baixas e Costa Sur. Configurando estas 7 costas caracterízanse 35 sectores, tal e como se representa no seguinte mapa:



Ademais, establécense 428 unidades de paisaxe litorais, definidas por unha serie de características específicas relacionadas coa xeografía, litoloxía, diversidade climática, usos do solo, as augas, o patrimonio natural e cultural, a morfoloxía, as infraestruturas de mobilidade e as dinámicas da paisaxe, entre outros elementos.



Deste xeito, o POL móvese entre distintas escalas, a do litoral, as súas comarcas costeiras, os sectores paisaxísticos e as unidades de paisaxe, establecendo obxectivos de calidade e accións para cada unidade concreta e directrices xerais para cada categoría en que se inscriben.

### **Alcance da regulación**

O Plan de Ordenación do Litoral parte dunha dobre regulación. Por unha banda, a que xa está contida dentro de cada unha das áreas homoxéneas descritas e cartografadas, tales como a protección urbanística que se establece no planeamento dos 87 concellos analizados (solo rústico con algún réxime de protección), e que chega ao 42,48% da superficie total do ámbito de xestión do POL; ou a superficie incluída en espazos naturais, que acada o 17,5% do ámbito de xestión.

O outro nivel de regulación é o que establece o propio POL e que xorde da caracterización de cada unha das unidades de paisaxe a través da definición dunha serie de obxectivos de calidade paisaxística. O territorio especificamente protexido polo plan supón o 27,6 % do seu ámbito de xestión, mantendo o equilibrio entre as figuras de protección ambiental de rango superior e o propio planeamento municipal.

É necesario salientar que o Plan de Ordenación do Litoral non clasifica solo, senón que senta as bases para un novo modelo de xestión con criterios homoxéneos para todo o litoral. De todos os xeitos, as súas determinacións prevalecerán sobre as do planeamento urbanístico que, de ser necesario, terá que ser obxecto de adaptación. O POL aposta por un modelo de adaptación progresiva para evitar conflitos. Por outra banda, no ámbito do plan poderanse delimitar ámbitos para a localización de instalacións que se desenvolverán por medio de plans e proxectos sectoriais que, en todo caso, terán que respectar os valores e as determinacións recollidas no POL.

### **As áreas ordenadas polo plan**

Para os efectos da ordenación territorial, o Plan do Litoral establece tres tipos distintos de áreas:

- **Área de protección:** na cal se inclúen ámbitos que, en atención ás súas características naturais singulares ligadas ao litoral, son merecedores dunha especial protección. Destaca a protección ambiental (elementos de valor en atención ás características naturais: intermareal, costeira, bosques e ecolóxica) e a protección de corredor (os ríos e a súa vexetación, así como os ámbitos adxacentes, que se configuran como ámbitos continuos e que teñen un valor de conectividade ecolóxica e funcional). Nesta área, un 4,21% de protección queda por riba dos 500 metros.



- **Área de mellora ambiental e paisaxística:** recolle o territorio comprendido entre a área costeira e os primeiros eixes que articulaban o modelo de organización tradicional, comprendendo deste xeito a paisaxe litoral próxima á costa. A anchura desta franxa é variable, pero supera o 43% de protección por riba dos 500 metros.
- **Área de ordenación:** recolle os ámbitos de organización do modelo territorial en que se fai compatible o crecemento coa protección dos valores litorais. Recolle o territorio tras a fronte litoral no cal se atopan os asentamentos ligados visual ou funcionalmente ás paisaxes litorais.

En total, o equipo redactor do POL cartografou 2.507 quilómetros lineais de costa, dos que un 17% se corresponden con illas e o 83% restante con terra firme. As superficies do POL, no que se refire á protección, distribúese do seguinte xeito:

Tipo		Has.	% Ámbito Xestión
Con protección	Protección ambiental	45.746,39	21,56%
	Corredor	20.135,05	9,49%
	Mellora ambiental	46.242,87	21,9%
	<b>Total</b>	<b>112.124,31</b>	<b>52,85%</b>
Ordenación	Ordenación	100.039,79	47,15%
<b>Total</b>		<b>212.164,10</b>	<b>100,0%</b>

Considerando como ámbitos de protección os identificados como protección ambiental e protección de corredores, así como a mellora ambiental e paisaxística, o POL protexe en diversos graos ata un 52,85% do ámbito, o que supón un incremento do 39% respecto da chamada lei dos 500 metros.

	ha	% ÁMBITO XESTIÓN
<b>500 M</b>	80.663,02	38,02%
<b>POL</b>	112.124,31	52,05%
<b>INCREMENTO</b>	<b>+ 31.461,29 Has.</b>	<b>+ 39%</b>

---

Nas próximas datas, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas someterá o documento a informe das corporacións locais afectadas, das deputacións provinciais respectivas e das entidades de carácter supramunicipal con incidencia na área.